

Texto: **MERCEDES NEUSCHÄFER-CARLÓN**

Ilustracións: **DANI TORRENT**

Tradución: **RAMÓN NICOLÁS**

Encadernado en cartóné. 15x23,5 cm.

48 páxinas en color. Dispoñible en:


-Galego: "Mefi, Sata e Demi"  
Sete Leguas. ISBN 978-84-8464-762-1

-Castelán: "Mefi, Sata y Monio"  
Siete Leguas. ISBN 978-84-92608-40-9

Prezo: 13 €

## MEFI, SATA E DEMI

**No centro dunha fraga de enormes e antigas árbores, alzábase un castelo tebroso. O seu dono, o conde Similoff, un estraño e aveso personaxe, vivía alí cos seus fillos: Mefi, Sata e Demi, tres verdadeiras criaturas infernais. Tiñan os pelos enguedellados, as duras orellas rematadas en punta e as unllas dos pés e das mans tan longas e fortes como poutas dunha ave de rapina. Ningún criado puidera resistir no castelo máis duns poucos meses...**



Malvados, consentidos e indisciplinados, Mefi, Sata e Demi son o tormento de mestres e serventes. Cando o conde decide volver casar, a chegada das tres fillas da súa nova muller, Bianca, Bela e Angui, tan aparentemente doces, limpas e ben educadas, fará que estes tres irmáns por fin atopen a forma do seu zapato e tomen da súa propia menciña. Porque ata as criaturas máis anxelicais se poden converter no peor pesadelo.

Cun estilo que se recrea na beleza das liñas curvas, no debuxo preciso e en certa ambigüidade nas imaxes, Dani Torrent ilustra esta obra de Mercedes Neuschäfer-Carlón, escrita en 1988. Un inquedante e delicioso relato que ben se podería titular "Os tres demiños do castelo".

### **MERCEDES NEUSCHÄFER-CARLÓN (Oviedo, 1931)**

Estudou na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Oviedo, licenciatura que obtivo na Universidade de Madrid. Dende 1958 reside en Alemaña. Foi profesora na Universidade de Giessen, actividade que abandoou para darlles clases aos fillos dos emigrantes españois en Saarland e Tréveris. Da súa experiencia docente procede a súa traxectoria literaria, con máis de 20 libros. En 1976 foi premiada pola Asociación Mundial de Amigos dos Nenos. Boa parte da súa obra está incluída na prestixiosa lista 'The White Ravens' da Biblioteca Internacional da Xuventude, de Munich.

### **DANI TORRENT (Barcelona, 1974)**

Estudou na Escola Superior de Deseño e Arte Llotja, de Barcelona, e é licenciado en Historia da Arte pola

Universidade de Barcelona. Completou a súa formación académica con varios cursos de dirección cinematográfica. A súa obra participou en diversas exposicións individuais e colectivas.



- **Temática:** relato de intriga
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións expresivas
- **Aplicacións:** familia, relacións entre irmáns e medio irmáns; educación; a diferenza entre o ben e o mal